Miro ao lado. A vida en tránsito ao espreitar da xanela. O motor do cinema lévame ao outro lado do mar. Todo comeza cunha viaxe a un mundo descoñecido e nunca nada volta a ser igual. Na vida coma no cinema.

Momentos antes de embarcar, recollo un paquete nos correos que contén a miña leitura máis ansiada nestes días, *Memoria Erótica* de Carlos Velo. Na viaxe, agarro con forza o libro, como Velo agarrou a sua propia vida para facer dela moito máis ca cinema. El nunca se arredou das suas memorias, que agromaron con forza da terra, para seren por sempre sombra das suas imaxes e das suas palabras. Esta leitura debía ser obrigatoria para quen está á procura dun sentido para filmar ou para quen xa esqueceu a razón de facelo. Velo acordou cedo para sentir e dende novo sentiu a vontade de viver. O cinema apareceu como un xogo de infancia que lle seduciu o ollar e lle afogou os seus pensamentos ata o mesmo intre da súa morte. Foi dono dunha resistencia a proba de guerra, exilio forzado e tentativas de derrube. Os golpes fatais da vida e a precariedade económica soportadas polo seu corpo sensible non foron motivo suficiente para deixar de acreditar nun cinema propio con vocación de ultramar. Neses momentos, renovou a sua humilde confianza no cotidiano dos homes colocando a cámara na vangarda. E decidiu ser interventor do seu tempo, mesmo a distancia, alentando o progreso do seu pequeno país, chamado Galicia. A vida quedoulle curta por un exceso de sentidos acumulados, por pretender transformalos todos en materia cinematográfica. Así foi a vida de Velo, a procura da emoción total en nome da condición humana.

Miro ao lado. Agora só se ve o mar pola xanela.

Velo tamén sentiu a división no seu corpo. Dúas paixóns, a bioloxía e o cinema. Dous países, Galicia e México. Porén, todos estes mundos encontráronse no seu cinema. Nun lugar en ningures, sen dono, onde se falan todas as linguas e onde os límites son inventados. Onde podemos ser o que queremos ser. Onde o desafío é a máxima, o risco é pracer e o soño é realidade. O mar nunca foi límite para nós, galego portugueses. Fixemos do salto a forma máis alta de viver. Por mar, por ar ou polo po da terra. Cruzamos a marxe en todas as direccións posibles. A necesidade de cruzar a fronteira pola máis pura sobrevivencia marca tamén o noso territorio creativo, onde esa necesidade de colocarse á beira da marxe para dar o salto é, se cadra, máis premente. Aínda hoxe se mantén esa vocación humanista e universalista do país, que traspasa a nosa tela. Un cinema que non só mira o outro senón que se mira a si propio. E mesmo que pareza aparentemente contraditorio, é nesa firme tentativa de falar de nós e tratar o noso diferencial, que acabamos construíndo o noso discurso mais comprensible e as imaxes máis abranxentes. É nesa procura da nosa esencia que as fronteiras se dilúen e aparece o espazo común transformado en imaxe movimentada. Son algúns os que se atreveron a percorrer o seu país en tempos difíceis, e outros continúan a espreitalo en tempos de turbulencias. Neste noso cinema exprimimos a nosa forma de ser, estar e sentir. É un cinema desde o que se ve o mar.

Volvo ao papel. Agora *desço*.

Todos os días somos sacudidos por voces aflixidas que adiantan a nosa morte en vida. Mais esas voces non saben do poder do pasado rexistrado, do presente no que sempre acontece, e do futuro que contén. Non saben do poder de acreditar no noso cinema.

No gris que outra vez me embrulla, continúo a ver o azul do mar, do ceu e do sol. No ceu deste país, para o paxaro, aínda é posible voar en liberdade. Só de pasada fai unha breve paraxe no Filminho para de novo iniciar voo. Atrás del outros emprenderán o seu.

No fin desta travesía penso en Saramago e no remate da súa *Viagem em Portugal*: "A viagem não acaba nunca. Só os viajantes acabam. E mesmo estes podem prolongar a viagem em memória, em lembrança, em narrativa...É preciso recomeçar a viagem. Sempre". E eu roúbolle a escrita para o cinema. As historias non acaban nunca. Só os contadores desaparecen. Mais poden prolongar a viaxe en imaxes e sons. E esta viaxe é preciso recomezala. Sempre.

Grazas a Miguel Anxo Fernández, Margarita Ledo, Patricia Gamboa e Laura Gardos Velo por me acompañar nesta viaxe.

Diana Gonçalves.

Programadora Filminho.